

CIRCULAR 273

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

SETEMBRO 2018

ACHEGAS DA
PSICOLOXÍA
2018

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicología Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaria / Coordinadora do GIPCE



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaria / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicología do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicología da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 274 e sairá a principios do mes de novembro de 2018.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de outubro de 2018.

5	Información Xeral
23	Información das Seccións
24	O Código Deontolóxico
25	GIPCE

Editorial

A psicoloxía educativa, unha materia pendente

É tempo das mochilas novas, dos libros de texto con arrecendo a estrea, das compras de material escolar. Un novo curso escolar que comeza e no que miles de nenos e nenas e de adolescentes volven ás aulas, mentres as súas familias confían en que saquen o mellor posible nos meses que veñen por diante.

En cambio, este novo curso devólvenos vellos retos, materias que como sociedade vimos arrastrando pendentes ano tras ano sen que as poidamos superar con éxito, nas que non logramos un «progreso adecuadamente» e que necesitamos mellorar. Falamos do fracaso escolar, do acoso e da violencia dentro das aulas, da atención ás necesidades educativas específicas... Nos centros de ensino haberá unha grande ausente e, de momento, non se lle espera: a psicoloxía educativa.

A Organización Mundial da Saúde publicaba un informe a comezos de 2018 sobre os dereitos da infancia en España no que recoñecía a importancia de que en todas as escolas públicas houbera psicólogos e psicólogas. No mesmo documento reclamaba a creación de protocolos de diagnóstico e de tratamento do trastorno por déficit de atención e hiperactividade para o que sinalaba que era importante desenvolver modalidades alternativas á medicación: «que os medicamentos psicotrópicos e psicoestimulantes se prescriban como último recurso e unicamente despois de ter levado a cabo unha avaliación individualizada do interese superior do neno e de que se proporcionase información

dabondo aos nenos e aos seus pais acerca do tratamento médico, dos seus posibles efectos secundarios e doutras alternativas non médicas».

Pero se entramos nunha aula, veremos que o psicofármaco é o único tratamento que están a recibir cada vez máis nenas e nenos, cando está probado que as intervencións psicolóxicas e sociais son fundamentais e, de feito, máis efectivas que as farmacolóxicas. Un dos escasos recursos cos que contan as familias, que son as becas para alumnado con necesidades específicas que ofrece anualmente o Ministerio de Educación, vense recortadas en cada convocatoria. Se ben hai dous anos tivemos que asistir á decisión de excluír os psicólogos e psicólogas como profesionais para impartir a reeducación pedagóxica e de audición e linguaxe, cuestión contestada con vehemencia desde este Colexio e a través do Consejo General de la Psicología e que finalmente foi subsanada, o endurecemento dos criterios de acceso provoca que cada vez máis familias e, polo tanto, máis nenos e nenas non poidan beneficiarse destas axudas, sen ningún recurso público que as substitúa. Se pode, págueo, e se non, a nada.

Como ben recolleu nun manifesto a Sección de Psicología Educativa do COPG, a convocatoria desvirtúa a finalidade destas bolsas, xa que atenta contra os principios educativos de inclusión, equidade e igualdade. O alumnado con TDAH diagnosticado como grave está excluído destas convocatorias, igual que outros trastornos como dislexia, dislalia, autismo etc., esquecidos nas bases por non xerar discapacidade nin trastorno grave de conduta. Polo tanto, o único recurso que ofrece a rede pública específico para estes nenos e nenas é, pois, o psicofármaco, contradicindo todas as evidencias científicas que recomentan unha abordaxe previa desde o eido psicolóxico e do social e, no seu caso, en conxunto coa farmacolóxica.

Pero de contar con psicólogos e psicólogas educativas nos centros de ensino e con ratios sensatas, o Estado estaría a proporcionar esa abordaxe multidisciplinaria e cumpriría co papel que se lle require. Sempre pensamos nas nenas e nenos como o noso futuro, pero somos responsables do seu presente e cada dereito conculcado agora son oportunidades roubadas para mañá.

Relacións institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:



M^a Rosa Álvarez Prada

■ Acudiu á reunión co Grupo Parlamentario En Marea para tratar sobre a situación das vítimas da explosión en Páramos, Tui, o día 9 de xullo.

■ Asistiu a unha xuntanza co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, para tratar sobre a necesidade de poñer en marcha unha quenda de garda permanente para a atención

psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, celebrada o 19 de xullo. Reuniuse tamén coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, para tratar esta mesma cuestión, o 3 de agosto.

■ Asistiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, o día 20 de xullo.



M^a Teresa Hermida
Pérez

A representante do COPG no Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña, M^a Teresa Hermida Pérez, acudiu á sesión extraordinaria do Pleno de dito Consello, que se celebrou o 25 de xuño na Coruña.



Mariano Carrero Moure

O representante do COPG no Grupo de Traballo en Saúde Mental Infanto-Xuvenil para a elaboración do Plan Estratéxico de Saúde Mental, Mariano Carrero Moure, acudiu á sexta xuntanza de dito Grupo de Traballo o día 11 de xullo.



M^a Jesús López
Cernadas

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos en Santiago de Compostela, organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, celebrada o 12 de xullo.

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Xunto co vicedecano do COPG e vogal da Coordinadora da División de Psicoloxía Educativa (PsiE) do Consejo General de la Psicología, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao «IX Congreso Internacional de Psicología e Educación: Psicología, Educación e Neurociencias. Construíndo pontes para o desenvolvemento humano», organizado pola Asociación Científica de Psicología y Educación (ACIPE), o Vicerreitorado de Investigación e o Departamento de Ciencias da Educación da Universidade de La Rioja, que se celebrou do 21 ao 23 de xuño en Logroño.

■ Asistiu ao acto de sinatura do convenio sobre «Prevención e actuación ante o acoso sexual e por razón de sexo no entorno laboral», entre Unión Profesional de Galicia, do que a decana do COPG exerce a Vicepresidencia, e a Xunta de Galicia, que tivo lugar o 25 de xuño en Santiago de Compostela.

■ Asistiu ao debate no Pleno do Parlamento de Galicia á Proposición de Lei sobre publicidade sanitaria e sociosanitaria que presentou En Marea o 10 de xullo en Santiago de Compostela.

■ Impartiu a conferencia sobre «A abordaxe integral de violencia de xénero desde a perspectiva da psicoloxía» no curso de verán da Universidade de Santiago de Compostela sobre «Violencia de xénero: enfoque legal, social e psicolóxico», que se celebrou do 11 ao 13 de xullo en Ribeira (A Coruña).


■ Asistiu á recepción cidadá con motivo do inicio e pregón das Festas do Apóstolo 2018, o día 18 de xullo en Santiago de Compostela.

A vicesecretaria do COPG, Sandra Fernández Rodríguez, asistiu ao Foro «Diagnose e Plan de Acción das Políticas de Igualdade de Xénero» de Compartimos Plan na comarca de Santiago de Compostela, que organizou a Deputación da Coruña e se celebrou o 10 de xullo en Bertamirás, Ames (A Coruña).

A colexiada Rocío García Calvo participou nas Xornadas de Prevención de Riscos Laborais «Coidando ás persoas: regreso ao



Mª Rosa Álvarez Prada



Hipólito Puente Carracedo



Sandra Fernández Rodríguez



Rocío García Calvo

traballo tras unha baixa de longa duración», organizadas polo Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo (INSSBT), que se celebraron os días 12 e 13 de xullo en Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General de la Psicología



Mª Rosa Álvarez Prada

A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada:

- Asistiu ás reunións da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología, e á reunión do Padroado de Psicofundación celebradas o día 30 de xuño en Madrid.

- Acudiu a unha reunión como Comité Organizador das «X Xornadas de Psicología contra a Violencia de Xénero», co obxecto de organizar as actividades con motivo do décimo aniversario de ditas Xornadas que se celebrarán en Navarra, e o seguimento das actividades propostas para as mesmas, que se celebrou o 25 de xullo en Pamplona.



Mª Leonor Galiana Caballero

A vicepresidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, Mª Leonor Galiana Caballero, asistiu ao «IV Encontro Anual Interterritorial de Psicología da Intervención Social» e ás «II Xornadas da División de Psicología da Intervención Social: a psicología da intervención social. Consideracións das políticas sociais no século XXI», que se celebraron o pasado 16 de xuño en Madrid.



Víctor Manuel Torrado Oubiña

O representante do COPG da Área de Psicoterapia do Consejo General de la Psicología, Víctor Manuel Torrado Oubiña, asistiu ás «III Xornadas Nacionais de Psicoterapia: ¿Contra o intrusismo?. Calidade, ética, regulación e formación», e ao Seminario de formación de supervisores de EuroPsy Especialista en Psicoterapia, que se celebraron os días 22 e 23 de xuño, respectivamente, en Madrid.

Amelia Valcárcel, Premio Dolores Llópiz «Psicoloxía e Sociedade» 2018

A Xunta de Goberno do COPG acordou entregar o premio «Dolores Llópiz Psicoloxía e Sociedade» na súa edición de 2018 á catedrática de Filosofía Moral e Política da UNED e membro do Consello de Estado, Amelia Valcárcel Bernaldo de Quirós.

Trátase dunha das principais representantes do feminismo da igualdade, cunha ampla e poliédrica carreira tanto docente como investigadora e intelectual, ademais de promover a loita pola igualdade a través do exercicio profesional e do compromiso público. Por iso, nun momento histórico no que o debate público sobre a igualdade entre mulleres e homes alcanzou cotas inéditas na sociedade, é especialmente importante recoñecer a filósofas como Amelia Valcárcel, que levan décadas contribuíndo cun intenso labor intelectual a esta teoría política e, en definitiva, á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Especialmente coñecida é a súa defensa do feminismo como teoría política, que ten plasmado na súa extensa obra escrita, autora de varios libros e colaboradora en numerosas publicacións. O sexo como construción normativa, a conceptualización da igualdade, cuestións como a paridade, o multiculturalismo, a democracia e o contexto globalizado son algúns dos temas protagonistas da súa obra ensaística.




Amelia Valcárcel Bernaldo
de Quirós

Obituario - Vicente Verdú Maciá

O 21 de agosto faleceu o xornalista e poeta Vicente Verdú e desde o COPG queremos lembrar a súa figura xa que forma parte da historia da nosa entidade.

En 1986, Verdú participou no primeiro número da revista Cadernos da Psicoloxía, que edita este Colexio, e que dedicaba este volume inicial á psicoloxía e o deporte. Baixo o título «A soidade do espectador de fondo», o escritor e entón respon-



sable de Opinión do diario *El País*, reflexionaba sobre o deporte como espectáculo, a construción identitaria para as masas afeccionadas e a amplificación dese «show» a través dos medios de comunicación. Algo que, trinta e dous anos máis tarde e cunha explosión dos soportes comunicativos e da mercadotecnia vinculado ao negocio do espectáculo deportivo, cobra máis sentido que nunca e convértese na visión preliminar do brutal –e obsceno– negocio que o deporte é hoxe en día.

Vicente Verdú, nado en Elxe en 1943, vinculou a súa carreira escrita a *El País*, onde tamén foi responsable da sección de Cultura e de suplementos culturais, pero ademais do xornalismo tamén plasmaou a súa creatividade a través da súa produción pictórica.

«A osmose, a sucesión de paixóns nun terreo de xogo e calquera outro escenario, desde a alcoba a un patio de bolsa, desde a estética da arquitectura ata a tufarada do fogar doméstico, desde a melancolía dun hospital ata a euforia do supermercado, todo en fin, atópase no promiscuo argumento dun espectáculo deportivo. As masas van a el en masa, pero os individuos instálanse nel como solitarios peregrinos. Cada un le a súa oración e, nunca, hai consolación polas penas que a cada un lle tocan. Nin reparto do gran premio, por colosal que este fose. O clamor do graderío non é un coro con voz, senón a multiplicación de miles de silencios.» Cadernos da Psicoloxía, outubro de 1986.

Celebración do 40º Aniversario da Primeira Promoción da Facultade de Psicoloxía da USC 1978-2018

En colaboración coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia estamos a organizar un acto para a celebración do 40º aniversario da primeira promoción de compañeiros e compañeiras que obtiveron a Licenciatura de Psicoloxía pola USC en 1978.

O evento terá lugar na tarde do venres 26 de outubro, no Salón Nobre do Pazo de Fonseca da Universidade compostelá, e proximamente informaremos sobre o programa completo.

As festas galegas, libres de violencia sexista: «De troula, con-sentido»

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e coa Federación Galega de Municipios e Provincias, puxo en marcha este verán a campaña «De troula con sentido, as festas galegas libres de violencia sexista», dirixida a sensibilizar e previr posibles condutas inaxeitadas nas verbenas galegas. Esta campaña apela ao xogo de palabras «con sentido» tanto como sinónimo de «con prudencia», como á necesidade de contar co «consentimento» expreso nas relacións.

Foron varios os concellos que contaron con puntos lilas de información contra as agresións ou que promoveron materiais propios, pero deste xeito e grazas á cooperación entre as tres institucións, chegou ao total dos concellos galegos co material producido para a campaña (carteis impresos, carteis en pdf personalizables, materiais para redes sociais, marcapáxinas). De feito, moitos concellos e comisións de festas fixeron uso do material e celebraron que se ofrecese, xa que lles permitiu promover esta campaña de sensibilización con independencia



Acto de presentación da campaña
De troula con sentido



de que fose unha vila con grandes recursos ou un municipio pequeno. Desde o Colexio de Psicoloxía entendemos que o labor preventivo é fundamental, así que propuxemos unha campaña que apela directamente ao sentido común, que adoita ser un bo referente polo que guiarnos, e á hora de relacionarnos o consentimento é todo, é a clave de que sexa unha festa feliz compartida.

No cartel propónse unha serie de claves para previr comportamentos inapropiados ou inadecuados, como que o alcohol e as drogas minguan a capacidade de decidir e que ligar non é simplemente anotarse un tanto. Pero sobre todo chamamos á implicación e ao compromiso: romper co machismo e apostar por relacións libres e en confianza, e tamén amosar o noso rexeitamento a actitudes machistas. Neste verán comprobamos que a campaña tivo moito percorrido e desde o COPG agardamos que cada vez máis persoas se sumen á festa «con sentido», gozando do noso tempo de lecer e construíndo unha sociedade máis xusta e igualitaria.

O Colexio de Psicoloxía e a Federación Galega de Esclerose Múltiple elaborarán unha guía conxunta

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM) asinaron o 19 de xullo na sede do COPG un convenio marco de colaboración coa intención de poñer en marcha medidas e puntos de defensa comúns, así como para a elaboración dunha guía de carácter público sobre a abordaxe da patoloxía da esclerose múltiple.

A decana do COPG, María Rosa Álvarez Prada, e a presidenta da FEGADEM, Rosa María Villar Cordovés, ratificaron este convenio que permitirá fomentar o intercambio de información e apoio técnico no eido da atención integral, sobre as necesidades do colectivo das persoas afectadas por esclerose múltiple, as súas familias e/ou referentes, así como por outras enfermidades neurodexenerativas, á vez que promover as alianzas oportunas



Sinatura do convenio


para o deseño e desenvolvemento de programas e proxectos conxuntos que cumpran cos obxectivos estratéxicos de ambas entidades.

En Galicia, hai arredor de 3.000 pacientes rexistrados con esclerose múltiple, polo que se trata dunha das comunidades autónomas con maior incidencia no conxunto do Estado, e unha adecuada atención psicolóxica é fundamental para proporcionar unha mellor calidade de vida ás persoas afectadas.

IV Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia colaborou coa Ordem de Psicólogos Portugueses na cuarta edición do Congreso OPP que organiza esta entidade e que se celebrou entre os días 12 e 15 de setembro de 2018 na cidade de Braga, onde contou cunha importante representación por parte das nosas seccións, comisións e grupos.

Este 4º Congreso OPP centrouse no papel da psicoloxía na prevención e na promoción do desenvolvemento das persoas, da cohesión social e do crecemento económico. Foi unha oportunidade para tirar proveito da conexión lusófona e participar nun dos maiores encontros profesionais deste 2018 na península ibérica.



Nome do Simposio	Relator/a	Filiación
«Envellecemento e traballo»	Carlos Montes Piñeiro	Presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Eduardo André da Silva Oliveira	Universidade Católica Portuguesa
	José Ortuño Vilurbina	Vicepresidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Antonio Esteban Fuertes Saavedra	Membro da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Informa_do. Información e sufrimento humano	Xabier Macías Virgós	Membro da Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Rosa Cerqueiro Landín	Psicóloga clínica Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Virgínia Rebelo	Unidade da Dor do CHSJ
A convivencia nos centros educativos é tarefa de toda a comunidade	Manuela del Palacio García	Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Ana M ^a Ulloa Lage	Vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	M ^a Begoña Castro Iglesias	Tesoureira da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Miguel Oliveira	Direcção da Ordem dos Psicólogos Portugueses

A psicoloxía máis próxima ás persoas: a atención primaria	Víctor Manuel Torrado Oubiña	Vogal da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Alicia Carballal Fernández	Vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde e coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía en Atención Primaria do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Isabel Trindade	Ordem dos Psicólogos
Emerxencias con múltiples vítimas: a xestión e a coordinación	Ana Isabel Martínez Arranz	Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
A violencia de xénero, unha mirada á súa abordaxe integral desde a psicoloxía	Mª Rosa Álvarez Prada	Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Mª Concepción Rodríguez Pérez	Vogal da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
	Ana Isabel Martínez Arranz	Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIÓNS
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Telf.: 986 295 621
NRS: C-36001546

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

KARMA

Telf.: 986 471 439
NRS: C-36000861

Grupos reducidos
Seminarios con especialistas
Prácticas in vivo supervisadas
Horarios e contidos adaptados
ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Cameselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaborador:

EMILIO GUTIERREZ GARCÍA
(Unidad Venres Clínico Universidad
Santiago De Compostela)

miembro honorífico:

JOSE LUIS RODRÍGUEZ-ARIAS PALOMO

Documento marco da Psicoloxía Clínica en Atención Primaria



O Grupo de Traballo de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria da Sección de Psicoloxía e Saúde vén de elaborar o «Documento Marco da Psicoloxía Clínica en Atención Primaria», co obxectivo de promover que a atención psicolóxica sexa unha prestación real á que as persoas poidan acceder desde o primeiro nivel asistencial. Neste documento analízase a realidade lexislativa e asistencial da saúde mental en Atención Primaria en Galicia, para propoñer un modelo alternativo baseado en experiencias nacionais e internacionais, co fin de dar unha resposta a este problema de saúde pública.

Pódese descargar en formato pdf en:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/publicacions/documento_marco_da_psicoloxia_na_atencion_primaria_galego.pdf

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia condena os asasinatos machistas cometidos no Porriño, na Coruña e en Cabana de Bergantiños

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresa a súa máis rotunda condena aos asasinatos machistas cometidos o día 18 de xuño no Porriño, en Pontevedra, o 18 de xullo na Coruña e o pasado 19 de agosto en Cabana de Bergantiños, en A Coruña, ao tempo que desexa trasladar a súa solidariedade e as súas condolencias á familia e ás persoas achegadas das vítimas.

Desde este Colexio reitérase o total rexeitamento a calquera tipo de violencia psicolóxica, física ou sexual contra a muller. Toda a cidadanía, pero moi especialmente os seus responsables políticos, debe traballar para poñer fin a esta dramática lacra social e, neste sentido, é imprescindible que se apliquen políticas de apoio e de protección integral ás vítimas da violencia machista.

A prevención é o mecanismo real para pór fin á violencia contra as mulleres e así desterrar condutas que permanecen na sociedade e que perpetúan o maltrato á muller. Desde a psicoloxía reclamamos que se poña o foco nas medidas de carácter preventivo e de intervención psicolóxica, especialmente nas idades máis temperás, para erradicar estereotipos machistas e desigualdades que sustentan a violencia contra a muller. Sen unha aposta decidida pola prevención será inevitable que sigamos lamentando sucesos tan trágicos como os asasinatos cometidos no Porriño, na Coruña e en Cabana de Bergantiños.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia súmase á conmemoración do día mundial das persoas refuxiadas

O pasado 20 de xuño conmemorouse o Día Mundial das Persoas Refuxiadas. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia sumouse a esta conmemoración e participou nun grande acto reivindicativo organizado polo Concello de Santiago de Compostela xunto con representantes dos concellos coruñeses de Teo e Ames, e das entidades Médicos do Mundo, Cruz Vermella, UNICEF, a Coordinadora Galega de ONGs, a Fundación Ronsel e o Foro Galego de Inmigración. Así mesmo o COPG tamén participou na xuntanza da Mesa de Coordinación para a Acollida das Persoas Refuxiadas, da que forma parte. Elaborouse o seguinte manifesto público:

1. A nosa denuncia da deriva dos Estados europeos e dos Estados Unidos en materia de respecto dos dereitos humanos e por incumprir os dereitos humanos e os principios xurídicos básicos do dereito internacional en materia de migracións e asilo e refuxio.
2. A esixencia aos Estados europeos, comunidades autónomas e concellos para que definan políticas coherentes e coordinadas que permitan unha acollida e integración real e efectiva das persoas que foxen dos conflitos e persecucións e buscan axuda e refuxio nos nosos concellos.

3. A nosa firme vontade para continuar coordinándonos para definir accións e recursos que permitan canalizar a solidariedade e dar unha resposta máis axeitada ás persoas migrantes que buscan asilo e refuxio nas nosas comunidades.



Mesa de coordinación para a acollida das persoas refuxiadas

Edición extraordinaria 2018 FOCAD

O FOCAD é unha formación a distancia elaborada polo Consejo General de la Psicología e á cal poden acceder todos os colexiados e colexiadas de maneira gratuíta.

Co obxectivo de que os novos colexiados e colexiadas poidan acceder ás anteriores edicións do FOCAD, o Consejo General de la Psicología vai ofrecer progresivamente os cursos das 35 edicións realizadas ao longo destes 9 anos, revisadas e actualizadas.

A continuación presentámosvos a Edición Extraordinaria 2018 cos materiais que podes descargar e imprimir para o seu estudo, a través da páxina web oficial do FOCAD: <http://www.cop.es/index.php?page=focad>

Os cuestionarios de avaliación estarán dispoñibles ata o 30 de setembro de 2018.

Máis información en: <https://copgalicia.gal/actividades/formacion/focad>.

Alegacións realizadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou alegacións ao borrador do «Proceso asistencial integrado de esclerose lateral amiotrófica» da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

I Certame de Relato Breve «Dalle un xiro á túa vida»

O Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid convocou o I Certame de Relato Breve «Dálle un xiro á túa vida».

Pódense consultar as bases do premio en:

[http://www.copmadrid.org/web/comunicacion/noticias/906/](http://www.copmadrid.org/web/comunicacion/noticias/906/i-certamen-relato-breve-dale-giro-tu-vida)

[i-certamen-relato-breve-dale-giro-tu-vida](http://www.copmadrid.org/web/comunicacion/noticias/906/i-certamen-relato-breve-dale-giro-tu-vida).

O último día de presentación de orixinais é o 30 de setembro de 2018.

Información relativa á actual convocatoria de axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia mostramos a nosa inqueda, rexeitamento e oposición á actual convocatoria de axudas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o curso académico 2018-2019.

Xa van tres anos en que desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia se está a loitar por unha modificación substancial das mesmas. Na convocatoria do 2016-2017 excluíronse nas bases reguladoras os psicólogos e psicólogas como profesionais idóneos para a realización da reeducación pedagóxica e as axudas en audición e linguaxe, corrixido posteriormente tras a presentación por parte do Colexio de Psicoloxía dun recurso extraordinario de revisión.

Nos últimos anos por parte deste Colexio estamos a ver como en cada convocatoria se restrinxe máis o acceso por parte do alumnado a este tipo de axudas, imprescindibles non só para os beneficiarios da axuda, senón para as súas familias e para a sociedade no seu conxunto, pois xa está máis que demostrado que na maioría dos supostos se produce unha melloría significativa na problemática que presentaba o alumnado, incluso danse moitos casos de altas definitivas, é dicir, alumnado que ao facer uso desta axuda xa non precisan renovar para o curso seguinte as becas, por haber obtido a melloría satisfactoria.

Consideramos que a convocatoria desvirtúa o que consideramos que debe ser a finalidade destas bolsas, pois vai contra os principios educativos de inclusión, equidade e igualdade, o apoio educativo a aquel alumnado nos que os servizos públicos poden ser insuficientes (atopámonos con centros nesta Autonomía onde só hai un orientador/a para máis de 800 alumnos/as) e onde este tipo de alumnado necesita un apoio máis específico, máis concreto e individualizado.

Lendo as bases só se convocan para alumnado, incluíndo aos afectados por TDAH que requiran por un período da súa escolarización ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta. A vía para demostrar tal circunstancia requírese un certificado de discapacidade ou dun equipo de valoración e orientación dependente da administración educativa correspondente.

Pero como profesionais expertos que somos en alumnado con necesidades educativas especiais queremos manifestar o seguinte:

■ En primeiro lugar, segundo o Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais (DSM-V) o trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH) é un patrón persistente de

inatención e/ou hiperactividade-impulsividade que interfere co funcionamento ou co desenvolvemento. En canto ao diagnóstico diferencial entre discapacidade e TDAH podemos referir que o TDAH diagnosticado como grave pode xerar un deterioro notable no rendemento escolar, social e laboral da persoa, e polo tanto xera, de por si, unha discapacidade, sexa ou non concedida por outro organismo administrativo.

■ O TDAH non vén derivado tampouco dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta. O TDAH é un trastorno, grave nalgúns supostos, con entidade propia e independente dos demais, é dicir, constitúe un trastorno por si mesmo. E nalgúns casos, pode xerar trastorno grave de conduta, como un dos seus síntomas, pero nunca á inversa: o TDAH non se produce ou non é unha consecuencia da discapacidade.

■ Existen ademais múltiples trastornos que sofre o alumnado que non xeran discapacidade ou trastorno grave de conduta (dislexia, dislalia, autismo...) e son esquecidos nas bases. Entendemos que o TDAH debe considerarse incluído segundo os criterios establecidos, posto que é un trastorno que con tratamento mellora notablemente o rendemento e o comportamento no eido educativo, finalidade última deste tipo de becas. A exclusión deste tipo de trastorno levará a estes nenos e nenas irremediabilmente á persistencia dos seus síntomas e como consecuencia poden sufrir baixa autoestima, frustración e fracaso escolar.



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Respeita a privacidade. Obtén os datos persoais estritamente necesarios para a actividade profesional concreta.
- Respeita a confidencialidade. Explica ao inicio da intervención profesional os límites da confidencialidade.

Tamén entendemos que deben engadirse outros trastornos ou déficits que non teñen por que vir derivados dunha discapacidade (ou creala) ou derivar dun trastorno grave de conduta.

Por todo o anterior, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través da súa Sección de Psicoloxía Educativa, reivindica que o alumnado con TDAH diagnosticado como grave entre a formar parte do perfil do alumnado solicitante destas becas, así como todos os trastornos e déficits que os equipos de orientación e valoración dependentes da Xunta de Galicia así o consideren.

Créase o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios

O Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social requiriu dos Colexios Profesionais do ámbito sanitario o envío dos datos correspondentes aos colexiados e colexiadas que teñan recoñecida a condición de profesionais sanitarios para a súa incorporación no Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios (REPS).

Solicitamos a aquelas colexiadas e colexiados que estean en posesión dalgún dos títulos ou habilitacións correspondentes (título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, título oficial de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria ou certificado de Habiitación para o exercicio da Psicoloxía Sanitaria), e que aínda non o fixeran, fagan chegar ao Colexio copia dos mesmos a fin de que os datos poidan ser comunicados ao devandito Rexistro.

Esta documentación poderase remitir en calquera momento ao COPG, xa que o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios actualízase constantemente.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio:

<http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa>

<http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: [@copgalicia](http://www.twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <https://www.linkedin.com/company/copgalicia>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN



—
Pola defensa da profesión

—
Pola loita contra o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade como colectivo



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

Os días 5 e 6 de outubro terá lugar o curso «Atención psicolóxica a persoas con discapacidade» no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. Esta actividade está organizada por María Blanco Suárez (vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG) e será impartida por Hadriana Ordóñez Otero, psicóloga con experiencia profesional en centros de mulleres con discapacidade, formación sobre violencia contra as mulleres, xénero, discapacidade, intervención psicolóxica ou atención sexolóxica específica para persoas con discapacidade, entre outros eidos. Este curso ten como obxectivo potenciar a visualización e uso das capacidades do conxunto de profesionais para ser quen de apoiar ao empoderamento das persoas con discapacidade.

Máis información no seguinte enlace:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/curso_atencion_psicologica_a_persoas_con_discapacidade_se_o_sinto_farei-no_chegar.pdf

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Formación prevista

Desde a Sección pretendemos que a nosa profesión sempre estea ao día para dar resposta ás necesidades da sociedade cambiante.

Por este motivo no mes da outubro teremos a Isidro Maya Jariego, con número de colexiado AN 06576, doutor en psicoloxía, da Universidad de Sevilla e coordinador do laboratorio de redes persoais e comunidades que nos instruirá no manexo das redes sociais na intervención comunitaria.

Consideramos que esta actividade resulta de interese para completar o curso que sobre esta temática se impartiu con anteriori-

dade. O uso das redes sociais como medio para poñer en marcha procesos de influencia social, traballar con grupos e comunidades, promover o intercambio de apoio social, coordinar organizacións comunitarias e facilitar a participación e colaboración entre participantes e profesionais cando se aplican programas de intervención, serán aspectos a abordar na actividade.

Estamos programando tamén o inicio dun programa de Intervención Social en centros penitenciarios de Galicia e por ese motivo iniciaremos formación neste eido que se programará en breve e do que se fará difusión polos medios habituais.

Día das persoas maiores

Non esquecemos que na sociedade galega unha gran parte da poboación pertence ao grupo de persoas maiores con inquietudes e formas propias de vivir e participar na sociedade.

Co motivo do día das persoas maiores, reivindicaremos e daremos visibilidade ao papel da poboación maior na contorna familiar, veciñal, comunitaria e na sociedade en xeral.

Participación na Sección

Desde a Sección temos interese en responder as inquietudes profesionais das persoas colexiadas, para iso precisamos coñecer cada proposta, non dubides en envialas a través do COPG

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Encontro coa División PTORH do Consejo General de la Psicología

A xunta directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH), do Consejo General celebrará a súa próxima reunión en Santiago de Compostela e con tal motivo a Sección PTO do COPG organizará unha sesión de traballo conxunta para intercambiar opinión e tratar distintos asuntos de interese para a intervención profesional, así como expoñer novas iniciativas de cara ao ano 2019. Entre outros, abordárase o tema das acreditacións Europeas e a certificación



de especialista PTO, a situación das normas internacionais sobre a xestión de recursos humanos nas organizacións, a problemática do intrusismo e os proxectos sobre a prevención de riscos psicosociais no ámbito laboral.

Por outra parte, no marco deste encontro de directivas, organizarase un encontro técnico sobre innovación tecnolóxica e novos roles profesionais no que intervirán técnicos en novas tecnoloxías. Este evento estará aberto aos Colexiados e Colexiadas e alumnado da Facultade de Psicoloxía. Estas actividades levaranse a cabo do 29 de novembro ao 1 de decembro e remitirase en breve un programa detallado.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Premio da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG

A Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acordou convocar o «Premio da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG» cun recoñecemento para os psicólogos e psicólogas Colexiadas que desenvolvan o seu traballo no ámbito da psicoloxía xurídica.

Este premio ten como obxectivo recoñecer o labor dos investigadores e investigadoras galegas na innovación e desenvolvemento da psicoloxía xurídica.

O prazo de presentación dos traballos remata o 15 de outubro de 2018 ás 14:00 horas.

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Formación

Co obxectivo de seguir formando novas e novos integrantes do GIPCE e que adquiran as habilidades e destrezas necesarias para que poidan formar parte do grupo de intervención, os días 14, 15, 28 e 29 do mes de setembro, terá lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o «Curso de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias», organizado polo GIPCE e impartido por dúas das nosas compañeiras, Olegaria

Mosqueda Bueno e Avelina Senra Comesaña. Este curso tamén estará aberto a todas as persoas colexiadas que estean interesadas.

Acreditación Nacional do Psicólogo Experto en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes

Comezamos coas reunións para a valoración dos méritos para acadar a Acreditación Nacional do psicólogo/a experto en psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes, a primeira delas tivo lugar o 2 de xullo. Lembramos que para acadar a acreditación pola vía *transitoria* teredes ata o día 19 de xaneiro do 2019. A vía *ordinaria* estará aberta de forma permanente.

Simulacros

O día 5 de xullo celebrouse a reunión de valoración do último «Simulacro xeral aeronáutico da zona E-mar» que se realizou no aeroporto de Peinador (Vigo), onde se trataron as dificultades coas que se atoparon, os aspectos que se deben seguir traballando e as melloras que se van observando ao longo dos simulacros desenvolvidos.

Nesta mesma liña, o día 11 de setembro, realizarase a primeira reunión de preparación do simulacro que se desenvolverá en Alvedro, A Coruña, o día 25 ou o 26 de outubro.

Ligazón ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

SECCIÓNS

Psicoloxía e Saúde

Psicoloxía Educativa

Psicoloxía da Intervención Social

Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Psicoloxía Xurídica

COMISIÓNS

De Cultura

De Ética e Deontoloxía

Intersectorial de Mediación

Intersectorial de Xénero

Para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo

De Psicoloxía do Deporte

GRUPOS

Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emexencias

Tráfico e da Seguridade

COPG
PATRIMONIO
COMÚN

2018



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán

*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*
Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h
Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais



Facebook:
www.facebook.com/copgalicia



Twitter: @copgalicia



LinkedIn: www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicólogos